

## **CONSULTA PÚBLICA PREVIA**

### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:**

- Regulamento de Xantar na Casa

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

#### **NORMATIVA:**

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

#### **DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:**

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- Regulamento de Xantar na Casa.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 29.1, modificado pola Lei 8/2016, de 8 de xullo, establece as "Formas de prestación dos servizos sociais", contemplando que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) xestión directa; b) xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público; c) mediante réxime de concerto social previsto na lei; d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. O Concello de Narón está adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio asinado con data 09-09-2010, manifestando a vontade de formar parte da implantación do programa "Xantar na Casa", estándose a tramitar un novo convenio de colaboración para o ano 2021. Este programa se concibe como un servizo de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación de risco de exclusión coa finalidade de mellorar a súa calidade

de vida, prestando un apoio dentro do propio domicilio, no que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia. En base a isto, faise necesario proceder á regulación do sistema de acceso a este programa, do procedemento de concesión e xestión, e do financiamento do servizo.